

## EMPRESA

As empresas asociadas a Asetem xeran 634 empregos directos P3

## MELIDE

Solicitan máis persoal para a escola infantil e a residencia de maiores P12

## CULTURA

Reportaxe: Agrupación Castelo, algo máis ca baile e música P19

## ENTREVISTA



**Marta G. Salgado ,  
O pequeno besbello P23**

# Cerne

## O xornal da Terra de Melide

Nº 118. Novembro 2015. Distribución gratuíta

# Pisos novos que caen a cachos

**ESTA CASA É UNHA RUÍNA**

Unha plaqueta que se ergue, unha fenda na parede, unha mancha de humidade que antes non había... e así un goteo incesante de deficiencias que van aparecendo cada pouco nos pisos de protección oficial da segunda fase, construídos hai tan só oito anos. Propietarios e inquilinos das 20 vivendas aseguran que a súa paciencia se está esgotando ao ver que ninguén asume responsabilidades: denuncian que a empresa construtora “está desaparecida” e que a Xunta de Galicia “fai oídos xordos” ás súas reclamacións. P11



## A Casa da Cultura recibirá en 2016 o empuxón final



O edificio rematarase por completo grazas a un investimento de 226.393 euros que permitirá acondicionar a planta alta e engadir 200 novas butacas. P12

## Fomento rexeita modificar os novos límites da N-547



Desestima as peticións realizadas por Asetem e manterá as 32 sinais con limitación de velocidade a 70 Km/h que hai entre Melide e a capital galega. P11



## Concello de Toques


Visitas guiadas gratuítas a  
San Antoño de Toques

- Antigo Mosteiro Beneditino con arte prerrománica do s. XI.
- Pinturas murais do s. XV.
- Imaxes do Calvario do s. XII.

Visitas semanais

Información e reserva:

666 49 38 60 - 650 14 65 45 - 610 00 21 85





## Editorial

### Non máis violencia de xénero

O día 25 de novembro conmemórase o Día Internacional contra a Violencia de Xénero e por moito que pensemos que este mundo progresa, aínda que sexa a paso lento, faise máis necesario ca nunca. Necesario porque estamos asistindo a unha aberración impropia dunha sociedade que se considera civilizada: a morte só en España de máis de 40 mulleres cada ano polo simple feito de selo.

Temos na violencia de xénero un problema social de primeira orde que nunca aparece entre as principais preocupacións dos cidadáns nas enquisas do CIS. Quere iso dicir que non somos conscientes da súa gravidade e que non estamos reaccionando ante el como deberíamos. Urxe situalo no foco do debate público ata que vexamos que se trata dunha cuestión de igualdade, liberdade e dereitos que afecta nada menos que á metade da poboación. Urxe máis compromiso social e político.

Como cidadáns botamos as mans á cabeza ante cada crime machista e condenámolo con convicción. Pero falta compromiso. Seguimos

aínda instalados nese punto no que a violencia de xénero se considera un problema privado e somos cómplices del co noso silencio. Por outra banda cremos avanzar na igualdade pero seguimos perpetuando a



través da educación que lles damos aos nosos fillos e fillas eses roles machistas que pouco ou nada axudan na loita contra a violencia de xénero. Entoemos o mea culpa e asumamos que a igualdade real é unha quimera e que a sociedade en si segue sendo violenta coas mulleres. Cambiemos.

Dende o ámbito político hai moito discurso benintencionado e moita declaración

de intencións. Pero falta compromiso. Un compromiso real contra a violencia de xénero traduciríase en cambios legislativos e no reforzo da coordinación entre o servizos sociais, forzas de seguridade e establishmento xudicial. Suporía sobre todo dedicar máis recursos para, entre outras cousas, dotar como se debería aos xulgados específicos, axilizar procedementos e tratar con dignidade ás vítimas. Suporía tamén actuar no ámbito educativo recuperando materias que formen en valores.

Pedimos dende aquí ese compromiso activo de toda a sociedade: que ninguén sexa cómplice silencioso da violencia contra as mulleres e que cada quen faga o que estea na súa man para ir diluíndo as estruturas machistas que son caldo de cultivo para o maltrato. Pedímoslle tamén a todas esas mulleres que o están padecendo que sexan valentes e que conten o que lles pasa. Non caledes, actuade. Sempre vai haber quen vos escoite e quen vos axude. A vosa vida pertencevos e ninguén ten dereito a decidir por vós ni moito menos a sometervos empregando a forza e o abuso.

## Tribuna de opinión

### As tapas tapadas

Xunta Directiva de ASETEM-CCA

organiza :



VI edición

# MELIDE DE TAPAS

Quizais a moitos dos clientes habituais da hostalería melidense lles estea a tardar a celebración dunha nova edición da Ruta das Setas e das Castañas, o concurso de petiscos que organiza Asetem por estas datas e que trae aos bares da vila orixinais receitas elaboradas con produtos típicos desta época do ano.

Que ninguén siga agardando; este ano non haberá outono de tapas en Melide. Asetem decidiu cancelar a ruta (máis ben viuse abocada a iso) ante o desánimo xeral do sector da hostalería, para quen participar durante dúas fins de semana na ruta de tapas comezou a supoñer máis un esforzo ca unha motivación, máis unha carga ca un beneficio para os

seus negocios.

O seu desánimo é tamén o desánimo da directiva de Asetem por ver con que facilidade se esfuma unha iniciativa que parecía estar consolidada e ter moi boa aceptación entre o público. Semella que non todo ía tan ben como aparentaba e haberá máis motivos que expliquen o adeus da ruta.

En todo caso poñemos unha tapa sobre as tapas e baixamos o telón coa sensación de estarmos tirando pola borda o traballo realizado durante os últimos seis anos, porque conseguir que se asocie o nome de Melide ás tapas non é algo que se consiga da noite para o día. É unha carreira de fondo da que nos retiramos cando estabamos chegando á meta.

## Cerne

Edición dixital en [www.asetem.com](http://www.asetem.com)

Publicación mensual de distribución gratuíta

**COORDINACIÓN E REDACCIÓN:** Iván G. Blanco

**EDICIÓN:** Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

**ENDEREZO:** R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: [info@asetem.com](mailto:info@asetem.com)

**COLABORACIÓNS:** Xavier Pazo, Marcus Fernández, Vanessa Martínez

**AGRADECIMENTOS:** Pilar López, Adolfo Álvarez, Sandra Vázquez

**IMPRESIÓN:** Publicaciones Tameiga S.L.

**DEPÓSITO LEGAL:** OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

## ÍNDICE

|                       |    |
|-----------------------|----|
| -EDITORIAL.....       | 2  |
| -EMPRESA.....         | 3  |
| -MELIDE.....          | 11 |
| -COMARCA.....         | 13 |
| -CULTURA E LECER..... | 16 |
| -COLABORACIÓNS.....   | 22 |
| -ENTREVISTA.....      | 23 |

## Os socios de Asetem xeran 634 postos de traballo directos

Non hai dúbida de que Melide é o motor económico do centro de Galicia e o concello que xera máis oportunidades laborais nun amplo radio xeográfico. Nese dinamismo teñen moito que ver as empresas e negocios asociados a Asetem que, segundo a última sondaxe realizada dende a xerencia da patronal, dan emprego a 634 persoas.


Tendo en conta que na actualidade Asetem conta con 144 socios, pódese concluir que cada negocio xera unha media de 4,4 postos de traballo directos. Non obstante, o dato pode levar a engano, pois

non todos os sectores presentan o mesmo comportamento: por exemplo no do comercio, sendo o que máis emprego xera, a media de traballadores por negocio sitúase tan só nos 2,6, un dato acorde á natureza das tendas, pequenas e de proximidade, que proliferan en Melide. O alto número de traballadores que acolle este sector (190) explícase porque é o que concentra maior número de negocios asociados (73).

Xusto o contrario acontece no sector da industria, onde tan só catro empresas xeran 86 postos de traballo, cunha media de 21,5 empregados

cada unha. Isto delata un perfil de empresa de maiores dimensións e moi diferente ao do anterior sector. Algo semellante acontece na construción, con poucas empresas asociadas que dan moito traballo (119 postos e unha media de 7,4 traballadores). Este sector, o segundo que máis emprego xera, engloba tamén plantas de formigón, canteiras e carpinterías. O dos servizos (que incluíría seguros, perruquerías, asesorías, clínicas...) e o sector do automóbil son os que menos postos de traballo xeran en termos absolutos: 49 e 19 respectivamente.

### DISTRIBUCIÓN DE EMPREGOS POR SECTORES



### A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PREMIA AO FUNDADOR DE JIM SPORTS



Jesús Graña nos almacéns do Grupo Jim Sports

Jesús Graña, fundador do Grupo Jim Sports, recibirá o próximo día 26 o premio UDC Deportes, que outorga a Universidade da Coruña. Os membros do xurado decidiron por unanimidade concederlle o galardón a este empresario natural de Pallas de Rei por ser "un exemplo da iniciativa emprendedora e da transferencia de coñecemento entre a universidade e o mundo empresarial, neste caso vinculado ao deporte, elevando o prestixio da formación dos alumnos".


#### Vivir para o deporte

A traxectoria persoal e empresarial de Jesús Graña estivo sempre vinculada ao deporte: formouse na Facultade de Educación Física da Universidade da Coruña, onde se licenciou no ano 1995. Foi socorrista na piscina de Pallas de Rei varios veráns e adestrador de liga autonómica no Betanzos Club Deportivo Baloncesto en 1994.

Desenvolveu o labor de profesor de Educación Física en diversos centros de ensino, entre eles o IES de Monterroso, aínda que dende o ano 2000 está en excedencia.

No plano empresarial fundou Jim Sports Technology no ano 1996, unha compañía dedicada á importación e venda ao por maior de material deportivo e da que na actualidade é xerente e único accionista.

O Grupo Jim Sports está formado por seis empresas e case cen traballadores. Atópase en primeira liña na distribución deportiva en Europa e está presente en máis de trinta países de catro continentes. Graña foi tamén fundador de Gaia Gestión Deportiva, con domicilio social na Coruña e empresa líder en xestión de piscinas en España, Rotatory Sport, Deporte en Movimiento, Eme Inversia 72, Metal Power e Oxen Sport.



## JAVIER LÓPEZ LÓPEZ

ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA - Colexiado 1049

peritosmelide.blogspot.com.es

- Medición de terreos
- Catastro
- Segregacións e agrupacións
- Imposto de sucesións

- Partición de herdanzas (partixas)
- Informes periciais e valoracións
- Proxectos agrícolas

- Fotos antigas do Catastro de Melide
- Concentración parcelaria
- Legalización de pozos, traídas de auga, etc...

Tfno./ Fax: 981 50 54 82 - Móbil 639 82 00 24 - E-mail: peritosmelide@gmail.com  
Rúa Xosé Ramón Fdz. Castro, 14 - 15.800 MELIDE (A Coruña)





## EMPRENDEDORAS EN MELIDE

ROCÍO PÉREZ PAMPÍN, AUXILIAR DE FARMACIA

### “Non hai produtos que fagan milagres como os anunciados na televisión”

*Dende comezos de novembro a veciñanza de Melide dispón dun novo establecemento no que coidar a saúde de cativos e maiores: Parafarmacia O Cantón acaba de abrir as*

*súas portas en pleno centro da vila de man da xoven emprendedora Rocío Pérez quen, con anos de experiencia no sector, garante unha atención a medida de cada cliente.*



**- Por que escolleu Melide como lugar para abrir unha parafarmacia?**

**-R.P.:** Despois de levar dez anos traballando nunha farmacia en Lalín e coa experiencia que fun adquirindo, decidín sacar adiante o meu propio proxecto. Escollín Melide porque é unha vila con moita xente de paso e porque non había ningunha parafarmacia. Creo que é algo que o pobo necesitaba e que pode prestar un servizo útil para a xente.

**- Que tipo de produtos ten á venda?**

**-R.P.:** Son moi variados porque abarcamos diferentes campos. En puericultura temos de case todo para os bebés, dende chupetes e cremas ata produtos de alimentación. Para adultos tamén vendemos todo tipo de produtos de nutrición e de aseo para o día a día. Temos unha sección de herboristería con infusións, vitaminas e complementos alimenticios tanto para nenos

como para persoas maiores. Outro dos campos que abarcamos é o da cosmética. Traballamos moito con Apivita, que é unha marca grega de produtos naturais que van moi ben para a pel e que teñen aplicación facial, capilar, labial... Por suposto tamén temos ese tipo de produtos que son imprescindibles en todo botiquín: soro, auga osixenada, tiritas, algodón...

**- Cales son os máis demandados pola clientela?**

**-R.P.:** Os produtos máis solicitados son os relacionados coa hixiene dental. Tamén se mercan moitas cremas; todo o mundo quere coidar a pel, especialmente as persoas que a teñen sensible.

**- Ten que facer moitas veces de conselleira ante as dúbidas dos consumidores?**

**-R.P.:** Si, este é un traballo non que se aconsella moito ao cliente, pero ata un certo punto. Enviámolo ao médico

“Os artigos máis solicitados pola clientela son os relacionados ca hixiene dental e a cosmética”

en canto cremos que é necesario. A atención en establecementos como as parafarmacias é moi personalizada e tratamos a cada persoa segundo as súas necesidades. A formación e a experiencia axudan moito á hora de atender as súas demandas.

**- Que diferenzas hai entre unha farmacia e unha parafarmacia?**

**-R.P.:** As parafarmacias podemos vender o mesmo que venden as farmacias, excepto aqueles artigos que precisen receita médica. Os prezos son os mesmos, incluso algo máis económicos nas parafarmacias.

**- Que opina dos diferentes produtos “milagre” que se anuncian nas revistas e na televisión? Son fiables?**

**-R.P.:** Produtos que fan milagres non hai. Non son nada partidaria deles porque considero que é enganar á xente con algo que non existe. Os produtos débense mercar sempre en establecementos autorizados e debemos asegurarnos de que contan con todos os avais sanitarios e de calidade. Incluso ás veces é moi importante consultar co médico se estamos tomando medicación para outras cousas porque se poden producir interaccións.

PARAFARMACIA O CANTÓN  
Cantón de San Roque, 28





## EMPRENDEDORAS EN MELIDE

MARÍA LUISA PEREIRO, COSTUREIRA E DESEÑADORA

### A modista multimedia

Unha costureira de Melide lánzase ao mundo do deseño presentando en Facebook a súa primeira colección de vestidos

M<sup>a</sup> Luisa Pereiro ten as súas propias estratexias de marketing. Non llas ensinou ningún. Aprendeunas da televisión e adaptounas ao terreo da agulla e do fio para dar un paso máis na consecución do seu soño: ser deseñadora de moda e lanzar unha colección propia. Así foi como, botando man de intuición e de bagaxe autodidacta, fixo unha boa promoción antes de presentar a nivel mundial quince vestidos de festa pensados e cosidos un a un por ela mesma. Non precisou de publicistas nin de pasarela, tampouco de técnicos de iluminación nin modelos de renome. Abondoulle con traballo, creatividade e... Facebook.

A raíña das redes sociais foi a plataforma escollida por esta modista melidense para presentar a súa primeira colección como deseñadora. A data, o 12 de outubro, non foi tampouco casual: “era o día do aniversario de miña nai e quixen facerlle unha homenaxe”, explica “a ela encantáballe que eu cosera e de feito o día que empecei a traballar sentiuse moi orgullosa”. Dende ese 12 de outubro o perfil de Facebook *M Luisa Pereiro* é a carta de presentación e un medio máis de traballo para esta muller que comezou a dar as súas primeiras puntadas con 15 anos e que aclara que segue sendo “a mesma de toda a vida”. Esa é a mensaxe que quere transmitir a través do slogan que acompaña a súa marca comercial: *a túa modista de sempre á vangarda da moda*.

#### Modista multimedia

Non só á vangarda da moda, M<sup>a</sup> Luisa Pereiro está tamén á vangarda no xeito de traballar. O primeiro que fai todas as mañás é consultar o móbil para ver o messenger, o medio “por onde máis traballo me vén”. De feito o teléfono é para

ela unha ferramenta de traballo tan importante como o fio e a agulla: “tiven que mercar un novo, con alta capacidade, que me permitira facer moitas cousas”. Refírese, entre outras, a sacar fotografías de calidade ou a descargar aplicacións de edición de vídeo para elaborar a presentación dos vestidos. “Aquí fíxeno todo eu, tiña que ser moi económico”, sinala, “non podo chamar a un fotógrafo profesional para que me faga unha reportaxe”.

O resultado de momento parece ser positivo: “a Facebook débolle moitísimo, foi un trampolín enorme”, recoñece M<sup>a</sup> Luisa. Tanto que os responsables da principal revista de moda nupcial de Galicia, B&C, xa se puxeron en contacto con ela para darlle cabida no vindeiro número: “teñen moitas tendas que expoñen vestidos pero ningunha modista que deseñara unha colección, por iso se interesaron por min”. O soño de M<sup>a</sup> Luisa comeza a coller forma e dende o taller que instalou nunha habitación do seu piso aspira “a ser unha marca de referencia no mundo da festa e a ver as miñas creacións sobre unha pasarela”.

#### Debuxar cas tesoiras

O camiño non foi doado para esta costureira, agora tamén deseñadora, que estivo a piques de perder a visión dun ollo e que botou moitos anos afastada do oficio para atender as obrigas familiares: a enfermidade de súa nai, a de seu tío e posteriormente o nacemento do seu fillo fixeron que “o aspecto persoal pesase máis ca o profesional”. Lonxe de arrepentirse, M<sup>a</sup> Luisa está convencida de que “fixen a colección cando a tiña que facer, porque hai dez anos non era a mesma persoa”.

Considera que é o resultado de todas as experiencias

vividas e da influencia dos “grandes” deseñadores aos que admira: Carolina Herrera, Ives Saint Laurent e sobre todo Coco Chanel, coa que “salvando as distancias”, insiste, se identifica: “ela sempre dicía que debuxaba mellor ca tesoiras ca co bolígrafo e a min pásame algo parecido”. Xa que logo “coller a tea e traballar sobre o manequín” é a maneira na que mellor deseña esta modista melidense. Na primeira colección esforzouse por facer os vestidos na liña do seu gusto: “roupa moi feminina, entallada, discreta, elegante e con predominancia do negro”.

Trala boa acollida que tivo, M<sup>a</sup> Luisa Pereiro traballa xa noutra nova colección con vestidos para Noitevella. Iso si, ningunha das creacións ve a luz pública sen antes pasar polo filtro dun dos críticos máis esixentes, o seu fillo de catro anos: “el é a primeira persoa á que lle pregunto. Os nenos sempre son sinceros”.



Vermello



Branco e negro



Negro e dourado

Vestidos de Noitevella. Algunhas mostras da nova colección que está a preparar M<sup>a</sup> Luisa Pereiro

## NOVIDADES LABORAIS E FISCAIS

### PRINCIPAIS NOVIDADES INTRODUCIDAS POLA LEI 31/2015, DE 9 DE SETEMBRO EN MATERIA DE AUTOEMPREGO E DE FOMENTO E PROMOCIÓN DO TRABALLO AUTÓNOMO E DA ECONOMÍA SOCIAL

#### BONIFICACIÓNS E REDUCIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL DOS TRABALLADORES AUTÓNOMOS

Para os autónomos que causen alta inicial ou que non estiveran de alta nos 5 anos anteriores á data de efectos da alta, no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA):

- Autónomos que opten pola base mínima de cotización deste Réxime, a contía de cotización por continxencias comúns, incluída a incapacidade temporal, reducirase a 50 euros/mensuais durante os 6 meses seguintes á data de efectos da alta, no caso de cotizar pola base mínima (884,40€ para 2015).

- Autónomos que optasen por un base de cotización superior á base mínima deste Réxime, poderán aplicar unha redución sobre a cota por continxencias comúns, incluída a incapacidade temporal, do 80% , calculada sobre a cota resultante de aplicar o tipo mínimo de cotización vixente sobre a base mínima de cotización deste réxime, durante os 6 meses seguintes á data de efectos da alta. (Esta redución suporá un aforro de 210 euros aproximadamente na cotización do autónomo para este ano 2015).

Posteriormente a este período inicial de 6 meses e con independencia da base de cotización elixida, os traballadores autónomos poderán aplicarse as reducións e bonificacións que se detallan a continuación, ata acadar un período máximo de redución/bonificación de 18 meses dende a data de efectos da alta:

**a)** Unha redución equivalente ao 50% da cota resultante de aplicar o tipo mínimo de cotización vixente sobre a base mínima de cotización deste réxime, incluída a incapacidade temporal, durante os 6 meses seguintes ao período inicial antes citado.

**b)** Unha redución / bonificación equiva-

lente ao 30% da cota resultante de aplicar o tipo mínimo de cotización vixente sobre a base mínima de cotización deste réxime, incluída a incapacidade temporal, durante os 6 meses seguintes ao período citado no apartado a).

Agora ben, traballadores por conta propia menores de 30 anos (mulleres menores de 35 anos), que causen alta inicial ou non estiveran de alta nos 5 anos anteriores á data de efectos da alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos, poderán aplicar unha bonificación adicional equivalente ao 30%, sobre a cota de continxencias comúns resultante de aplicar o tipo mínimo de cotización vixente sobre a base mínima de cotización deste réxime, incluída a incapacidade temporal, durante os 12 meses seguintes á finalización dos 18 meses anteriores, acadando un período máximo de redución para este colectivo de 30 meses.

Estes beneficios na cotización son tamén aplicables a socios de sociedades laborais e a socios traballadores de Cooperativas de Tránsito Asociado, encadrados no Réxime Especial de Traballadores Autónomos, que cumpran os requisitos.

A novidade máis importante da norma, con respecto á redacción anterior, está en que a aplicación destes beneficios é posible incluso cando os autónomos, unha vez iniciada a súa actividade, contraten a traballadores por conta allea.

Para os traballadores autónomos beneficiarios das reducións/bonificacións dispostas na lexislación anterior á entrada en vigor desta lei, seguirá sendo de aplicación o referido naquelas disposicións; se ben, non perderán o dereito ao desfrute dos beneficios de cotización contemplados para eles como consecuencia de empregar a traballadores por conta allea.

#### COMPATIBILIZACIÓN DA PRESTACIÓN POR DESEMPREGO CO INICIO DE UNHA ACTIVIDADE POR CONTA PROPIA

Os beneficiarios da prestación por desemprego de nivel contributivo que causen alta como traballadores por conta propia, poderán com-

patibilizar a percepción mensual da prestación por desemprego co traballo autónomo, con un máximo de 270 días de prestación; sempre que o solicite no prazo de 15 días dende a data de inicio na actividade.

Elimínase a barreira de idade de acceso á compatibilización da prestación de desemprego coa actividade por conta propia, que na redacción anterior se limitaba a menores de 30 anos.

#### CAPITALIZACIÓN DA PRESTACIÓN DE DESEMPREGO

Amplíase o colectivo de beneficiarios que poderán capitalizar o 100% do valor actual da prestación de desemprego (antes esta porcentaxe estaba limitada a menores de 30 anos) para destinala a investimento na actividade por conta propia, ou ben como aportación ao capital social de unha entidade mercantil de nova constitución ou creada no prazo máximo dos 12 meses anteriores á aportación.

#### BONIFICACIÓNS POR ALTAS DE FAMILIARES COLABORADORES DE TRABALLADORES AUTÓNOMOS

O cónxuxe e familiares ata o segundo grado, por consanguinidade ou afinidade, do traballador autónomo que se incorporen ao Réxime Especial de Traballadores Autónomos, sempre que non estiveran de alta nos 5 anos anteriores, e colaboren na actividade de que se trate, terán dereito a unha bonificación equivalente ao 50% durante 18 meses e do 25% durante 6 meses máis, da cota resultante de aplicar o tipo mínimo de cotización sobre a base mínima de cotización do Réxime.

Esta bonificación non será de aplicación aos familiares colaboradores que con anterioridade se beneficiasen desta medida.

#### TIPOS DE RETENCIÓN VIXENTE PARA O EXERCICIO 2016

As porcentaxes de retención sobre rendementos de actividades profesionais será do 15% en 2016. No obstante, para profesionais de novo inicio (que se atopen no ano de inicio da actividade ou nos 2 exercicios seguintes), a retención será dun 7%.

As porcentaxes de retención de impartir cursos, conferencias, coloquios, seminarios ... será do 15% a partir do 2016. As porcentaxes de retención do capital mobiliario, arrendamentos, ganancias e perdas patrimoniais serán do 19% a partir do ano 2016.

## SUBVENCIONES

### AXUDA A PARTICULARES PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAIS E PEZAS DE MOBILIARIO DE COCIÑA E BAÑO

#### > Gastos subvencionables:

Materiais de rehabilitación e pezas de mobiliario para cociña e baño (excluídos electrodomésticos), realizados e efectivamente pagados entre a data de solicitude da axuda e o 30/11/2015 nas entidades colaboradoras.

A operación de compra deberá acadar un custe mínimo de 1.000 € (IVE excluído). Non se admitirán pagos en efectivo.

> **Beneficiarios:** persoas físicas (consumidores particulares), propietarias ou titulares de calquera dereito sobre inmoables residenciais en Galicia.

#### > Contía da axuda:

- 20% a cargo do IGAP.
- 20% adicional a cargo da entidade colaboradora.

> **Importe máximo da axuda por beneficiario:** 1.000 €

> **Prazo de solicitude:** ata o 30/11/2015. Deberán presentar copia da escritura de propiedade ou dereito sobre o inmoable; ou ben recibo IBI ou factura a nome do solicitante da axuda.





## Casa Juanito

Más de 100 años de prestigio y calidad

Especialidad en:

*Pimentón*      *Legumbres*

*Bacalao*      *Vinos*      *Licores*



Gran surtido en cestas de navidad y baúles  
Regalos navideños con productos conocidos y de prestigio

Mateo Segade Bugueiro, 39 - MELIDE / Tfno e Fax: 981 50 51 03

**PROMOTOR ARTESANO DE CALIDAD**  
**XEBRE**

**OR SALUD,  
OR ORIGEN,  
OR CALIDAD**

VISÍTANOS EN:  
WWW.TENDAXEBRE.ES  
RÚA SAN PEDRO, 16 - MELIDE  
XEBRETENDA@GMAIL.COM / TLF: 981 50 57 23

SÍGUENOS EN:  
FACEBOOK.COM/XEBRE  
@TENDAXEBRE

*Productos artesanos, gallegos e con denominación de origen.  
(Ecological goods)*

|                                  |                                             |
|----------------------------------|---------------------------------------------|
| QUESOS VARIOS (VARIUS CHEESE)    | GRELO DESHIDRATADO (DRIED TURNIP TOPS)      |
| CHOCOLATES (HANDMADE CHOCOLATES) | CONSERVAS (TIMMED FOOD)                     |
| GALLETAS (HANDMADE BISCUITS)     | ALGAS (RICES)                               |
| MERMELADAS (JAM)                 | ACEITE GALLEGO (GALICIAN OIL)               |
| PATES VARIADOS (VARIUS PATE)     | STEVIA                                      |
| INFUSIONES (INFUSIONS)           | HELADO ARTESANO (HANDMADE ICE<br>EXTENSION) |

Descubre nuestra zona de degustación de queso y embutido, donde además podrás tomarte un té, café, cerveza artesana o un chocolate.

## AVOGADOS

*Ana Pernas Vilasuso*

C. 1678

*Miguel Fernández López*

C. 711

R/ Luis Seoane, 2 - 2º  
Tlf. 981 506 455 – Móbil 661 58 00 04

## MELIDE



## PETISCOS DE MELIDE NO “SANTIAGO(É)TAPAS”

Santiago(é)Tapas, o concurso de petiscos de Compostela estalle a prestar este ano unha especial atención á gastronomía de toda a área santiaguesa. Tanto é así que os ganadores dos distintos certames de petiscos da comarca foron convidados o pasado día 19 a ofrecer as súas creacións nos diferentes establecementos composteláns que participan no Santiago(é)Tapas. En representación de Melide acudiu Casa Estilo, seleccionada por ser a gañadora da última edición do Melide de Tapas, o concurso local de petiscos organizado por Asetem. Ata o Restaurante El Bocalino acudiu Alberto Rodríguez para presentar ante o público compostelán a súa tapa, feita a base de berberecho e queixo de cabra.



## PREMIO “SINTONIZA” PARA CELSA GÓMEZ

Celsa Gómez Garea, veciña de Melide, foi a persoa agraciada cos 100 euros do premio “Sintoniza co teu comercio” do mes de outubro. Participante habitual deste concurso que organiza Asetem en colaboración con Radio Melide para promocionar o comercio de proximidade, Celsa recolleu con grande alegría o seu premio nas oficinas da patronal: “nunca me tocou nada ata agora”, confesou, “vaime vir moi ben para comprar algo de roupa”.



## CATA DE ESPUMOSOS EN VIÑOTECA RIBEIRAO

Viñoteca Ribeirao, establecemento asociado a Asetem, organizou na súa tenda da Rúa do Convento unha cata-presentación dos viños espumosos elaborados en Galicia polas máis importantes bodegas das Rías Baixas e Valdeorras: Roandi, Fragamoura, Cooperativa A Rúa, Laxas, Pablo Padín, Señorío Rubiós, Eidosela, Valtea, Martín Códax e Cabana das bolboretas.



## O COMERCIO, UNHA OPORTUNIDADE DE NEGOCIO

Asetem participou o pasado 19 de novembro na xornada “O comercio, unha oportunidade de negocio”, un encontro organizado pola Federación Galega de Comercio no que participaron relatores de recoñecido prestixio a nivel nacional en ámbitos como as novas tecnoloxías, o emprendemento, a comunicación ou a xestión de marcas.

Ata o Hotel Monumento

San Francisco, sede da xornada, desprazáronse a xerente e a cooperante de Asetem, Pilar López e Sandra Vázquez, para coñecer de primeira man as tendencias futuras en materia de xestión comercial e aplicalas logo dentro do marco de Melide. Nas diferentes conferencias e mesas redondas abordáronse temáticas como a innovación na comunicación, as novas tecnoloxías, o cliente

como eixo de negocio e os programas de fidelización, focalizando este último punto nunha experiencia concreta: *Comerciogalicia*.

No encontro estiveron presentes os principais responsables políticos de Galicia en materia de comercio: Sol Vázquez, directora xeral, e Francisco Conde, conselleiro de Economía, Emprego e Industria, quen clausurou a xornada.



## O MELINDRE CASA CA AUGARDENTE

Dende sempre tiveron unha boa relación, pero cada vez é máis frecuente velos xuntos: falar de doces melindaos e augardentes galegas é falar dunha combinación inmejorable. Así quedou patente na terceira edición das *Xornadas de Degustación e Maridaxe das Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia*, organizadas a mediados de novembro en Cambados polo consello que regula na nosa comunidade autónoma estas bebidas espirituosas.

Por primeira vez as xornadas contaron coa participación da Asociación de Repos-

tería Tradicional “Melide Terra Doce”, que tomou parte nun showcooking no que se maridaron melindres, ricos e amendoados con licores e augardentes galegos amparados polo consello regulador.

Por unha banda o barman Ángel Camiña elaborou diferentes cócteles e por outra Alberto Rodríguez, presidente de “Melide Terra Doce”, explicou as características e peculiaridades dos doces melindenses. Deste xeito, os asistentes ás xornadas puideron comprobar o potencial que ten combinar ámbolos dous produtos.





# 4º CAMPEONATO DE TUTE



## Venres 4 decembro

a partir das 10 da noite

**Inscripción: 20 € por persoa.  
Máximo 40 parellas.**

**(Haberá pinchos para os participantes)**

**Información:**

**636 991 397 - 636 992 151 - 981 505 569**

**1º: 2 Cestas de Nadal.**

**2º: 2 Cestas de Nadal.**

**3º: 2 Cestas de Nadal.**

**4º: 2 Cestas de 1 piso.**

**5º: 2 Cestas de 1 piso.**

**6º: 2 Xamóns.**

**7º: 2 Follas de bacallau.**

**8º: 2 Queixos.**





**CHINCHES?  
MOSCAS?  
CARCOMA?  
ROEDORES?  
CUCARACHAS?**

**Plagostel**  
N.R.S. (OL77-SAL-SPC)  
calidad e hixiene alimentaria

comercial@plagostel.com | 698 163 399  
www.plagostel.com



**PARAFARMACIA  
O CANTÓN-MELIDE**

Rocío Pérez Pampín 630 776 995

Tfno.: 981 937 350

Rúa Cantón de San Roque, 28 | Melide (A Coruña)  
parafarmaciacanton@gmail.com



**LA CORTINA**

*Esther Bouzo*

Tfno.:  
981 506 358

Avda. de Lugo, 43  
MELIDE



## Os pisos de protección caen a cachos oito anos despois de seren feitos

Propietarios e inquilinos denuncian que a empresa construtora “está desaparecida” e que a Xunta “fai oídos xordos”

Unha plaqueta que se ergue, unha fenda na parede, unha mancha de humidade que antes non había... e así un goteo incesante de deficiencias que van aparecendo cada pouco nos pisos de protección oficial da segunda fase e que están levando ao límite a paciencia das 20 familias que habitan neles. Ao rápido deterioro das súas vivendas, construídas hai menos de 8 anos, súmase a impotencia de veren como ninguén se responsabiliza das eivas estruturais do edificio: a empresa construtora, que deu en creba, “está desaparecida”, segundo explican os veciños afectados. A Xunta de Galicia, promotora das vivendas, “fai oídos xordos” ás súas reclamacións.

Os pisos de protección oficial da segunda fase rematáronse de construír en 2007.


Son en total vinte vivendas, das cales oito foron adxudicadas en propiedade e as doce restantes en réxime de aluguer. Segundo denuncian as persoas que nelas habitan, os problemas comezaron xa no ano 2008 e dende entón non deixaron de sucederse. Citan, entre outros exemplos, baños mal illados que deixan pasar a humidade para armarios e habitacións, marcos de portas que saen do seu sitio, plaquetas do chan que se levantan, billas que caen ou ventás polas que entra a auga.

O colofón final puxérono os temporais do inverno pasado, que estragaron parte do tellado e deixaron danos na fachada. Despois destes últimos episodios varios veciños, de xeito individual, enviaron escritos ao Instituto Galego de Vivenda e Solo “sen obter con-

testación oficial”. Do mesmo xeito a comunidade de veciños tamén se dirixiu á Xunta solicitando que avaliasse os desperfectos e asumise os arranxos. Tampouco houbo resposta ata o momento.

Segundo explican os afectados, na única información que obtiveron, de xeito extraoficial e por vía telefónica, díxoselles que terán que ser as propias familias quen corran cos gastos das reparacións, algo que non están dispostos a facer. Consideran “indigno” que a Xunta “se lave as mans” e cualifican de “despropósito” ter que asumir gastos derivados das deficiencias na construción, sobre todo por parte daquelas persoas “que son inquilinos e que aínda non saben se as vivendas van ser súas”.


A maiores os veciños afectados argumentan que a nor-



Fendas na fachada



Filtracións e humidade



Plaquetas despegadas

mativa vixente só os obriga a afrontar os gastos derivados do uso das zonas comúns, pero non os que teñan que ver coa estrutura “ou a mala calidade dos materiais empregados na construción”.

Por outra banda din sentirse discriminados e recordan que nos pisos de protección oficial da primeira fase, construídos hai dúas décadas, a Xunta si está a realizar melloras nas chemineas para evitar a filtración de auga.

## O BNG solicita 1 millón de euros para construír o novo centro de saúde

O BNG de Melide vén de presentar no Parlamento de Galicia unha emenda aos orzamentos da Xunta para 2016 na que solicita que se habilite un millón de euros para comezar “en serio” a construción do novo centro de saúde.

A petición dos nacionalistas chega a raíz da enésima polémica sobre este asunto, todo un clásico nas diatribas da política local. Á súa marcha para a Consellería do Medio Rural a exalcadesa Ánxeles Vázquez asegurou deixar comprometido medio millón de euros. Non obstante, nos presupostos autonómicos de 2016 figuran 300.000 euros, o que causou a indignación da oposición.

Dende as filas do PSOE o concelleiro José Antonio Prado cualificou esa cifra de “burla para Melide” e recordou que xa dende 2011 se levan orzando diferentes cantidades sen chegar a executarse nunca ningunha delas. Prado anunciou



Entrada ao centro de saúde de Melide

que tamén o seu partido presentará emendas e solicitará ademais a convocatoria dun pleno monográfico “para que Melide se pronuncie cunha voz unánime e rotunda contra as intencións da Xunta”.

Pola súa banda a rexedora melidá, Dalia García, insiste en que son 500.000 os euros orzados para o centro de sa-

úde, unha cantidade que considera “axeitada” para elaborar o proxecto de obra e “comezar os traballos de construción a finais de 2016”. Engade que é unha cantidade realista e respectuosa cos prazos da administración autonómica “xa que esta será unha obra escalonada ao longo da lexislatura”.

## Incrementan en 300 horas o servizo de axuda a domicilio



Melide contará dende agora con 300 horas máis de servizo de axuda a domicilio. Con este novo incremento, o segundo no que vai de ano, o número total de horas de atención á dependencia sitúase en 2.222 mensuais. O anterior incremento produciuse no mes de xullo, cando se pasou de 1.322 a 1922 horas. A alcaldesa, Dalia García, explica que este aumento

“supón que imos poder atender máis xente en situación de dependencia, algo co que estamos moi sensibilizados e polo que seguiremos traballando para aliviar na medida do posible ás familias que están nesas circunstancias”.

A prestación do servizo tamén se amplía en Arzúa con 800 horas máis, o que permitirá atender a 40 persoas.



## O remate da planta alta dotará a Casa da Cultura de 200 novas prazas

Os traballos, cun orzamento de 226.393 euros, realizaranse ao longo de 2016

2016 será o ano no que se remate por completo a Casa da Cultura. O edificio, que se abriu ao público hai agora dous anos, recibirá unha inxección económica de 226.393 euros que permitirá acondicionar a planta alta e sumar preto de 200 butacas ás 256 que xa están dispoñibles na platea da planta baixa.

Boa parte do investimento realizarase con cargo ao Plan de Acción Social (PAS) da Deputación da Coruña, no que se incluíron os 181.115 euros da subvención que xa concedera o anterior goberno provincial para rematar a Casa da Cultura. Os cartos restantes, 45.278 euros, saíran das arcas



A miúdo o patio de butacas da Casa da Cultura queda pequeno

municipais e incluíranse nos presupostos para 2016. Será no vindeiro ano cando se acometan as obras, para cuxa contratación xa se resolveron todos os trámites previos necesarios nun pleno extraordinario convocado a principios de novembro.

### Outras melloras

Os traballos na Casa da Cultura

terán un prazo de execución de tres meses e ademais de rematar a planta alta permitirán tamén mellorar as prestacións do edificio en diferentes campos. Un deles será o da accesibilidade, coa instalación dun ascensor. Tamén se mercará un equipo de luces e son para o escenario, rematarase o sistema de climatización e acondicionaranse os baños.

## Demandan máis persoal para a gardería e a residencia de maiores

O PSOE de Melide denuncia que os recortes aplicados pola Xunta do PP e a “parálise e desinterese” do goberno local están privando á veciñanza da correcta prestación de dous servizos sociais moi demandados no municipio: a gardería municipal e a residencia da terceira idade.

### Escola infantil municipal

No caso da gardería que xestiona o Concello, os socialistas poñen o foco no feito de que o goberno local manteña aulas pechadas a pesar de que haxa cativos en lista de espera agardando por unha praza. Ao seu xuízo isto obedece “a unha simple cuestión de non contratar persoal, incumprindo o goberno local a súa obriga como xestores e o seu compromiso cos pais”, aos que se lles asegurou ao inicio do curso que se contra-

taría máis persoal en caso de que fose necesario.

### Residencia da 3ª idade

Por outra banda os socialistas tamén lanzan críticas pola xestión que se está a facer na residencia dos maiores e denuncian que tras rematar este verán as obras de ampliación acometidas no edificio, hai dispoñibles 25 habitacións para novos residentes “que non prestan servizo a pesar de estar totalmente equipadas só por falta de persoal”.

O voceiro dos socialistas, José A. Prado, afirma que “o PP acostuma a predicar cos servizos sociais e a conciliación familiar con fin electorais pero cando hai que tomar medidas quédase niso, no electoralismo”. Presentará unha moción no próximo pleno sobre estes temas.

## Fomento non fará ningún cambio nos límites de velocidade da N-547

Demarcación de Carreteras fai caso omiso ás demandas de Asetem-Cca

O Ministerio de Fomento manterá os novos límites de velocidade instalados recentemente na estrada N-547 e rexeita realizar calquera modificación ao respecto.

Así se reflicte na resposta que a Demarcación de Carreteras del Estado lle enviou a Asetem a raíz das queixas manifestadas pola patronal sobre os inconvenientes que xeraban os “excesivos” límites de 70 instalados no treito da estrada entre Melide e Santiago.

Fomento xustifica as modificacións acometidas en que a seguridade vial é “uno de los principios rectores” da súa actuación en materia de estradas e en que era preciso adaptar a N-547 “a las modificaciones



Primeira limitación de velocidade á saída de Melide

habidas en la normativa técnica de señalización vertical”.

Por outra banda tamén alega que segundo o estudo de tempos de percorrido realizado, a demora máxima nos 46 quilómetros de itinerario sobre os que se actuou, respecto á situación precedente, está arredor de 5 minutos e 30 segundos. A xuízo de Fomento,

e segundo recolle o escrito, isto supón “una demora mínima en relación a la mejora de seguridad vial practicada”.

Finalmente Demarcación de Carreteras tamén incide en que a curto prazo estará rematada a Autovía Santiago-Lugo e a estrada estatal “servirá en exclusiva al tráfico de corto y medio recorrido”.

## San Antón terá sentido único e estacionamento prohibido



A poucos días para que se abra de novo á circulación a rúa de San Antón, veciños e goberno local acordaron conxuntamente o xeito en que se organizará o tráfico rodado nesta vía: será de sentido único cara a Sabián e o estacionamento estará prohibido, excepto na zona de carga e descarga que se habilitará para dar servizo aos establecementos hostaleiros e á panadería que hai na rúa. Por outra banda, e malia que os adoquíns están preparados para soportar ata 7 toneladas de peso, limitarase a entrada de camiós de elevada tonelaxe co obxectivo de coidar o pavimento. O Concello informa que aínda se tardará “uns días” en abrir a obra co fin de que a estrutura de formigón se consolide “o máximo posible”.



## Manter aberta a piscina municipal supón para Santiso “un comecartos”

O Concello de Santiso está a aproveitar o inverno para arranxar as deficiencias da piscina municipal de Visan-toña e deixala a punto de cara á próxima tempada de verán.

Os traballos comezaron estes días no vaso principal, onde se está aplicando unha nova masilla sobre os azulexos para evitar as fugas de auga que se viñan producindo e que provocaban un incremento do gasto en electricidade e cloración. Non será a única intervención, pois o goberno local prevé actuar nos próximos meses sobre as escaleiras exteriores, feitas con travesas de madeira que se foron alombando. Tamén se mellorará o entorno, que permanece descoidado dende que hai cinco anos unha serie de actos vandálicos deixaran bancos e randeiras rompidas.

### Un “comecartos”

En total, segundo estimacións do executivo municipal, o in-



Os traballos de mellora comezaron polo vaso principal da piscina

vestimento roldará os 7.000 euros só en material, xa que os traballos están sendo realizados por persoal do concello.

Ao fío destas obras o alcalde de Santiso, Manuel Adán, recoñeceu que a piscina de Visan-toña é “un comecartos” para o concello e advertiu que, ante as constantes melloras que requiren as instalacións, “chegará un día en que

nos vai custar cumprir cos parámetros sanitarios”. Estas declaracións producíronse ao fío dunha pregunta formulada polo PP no último pleno sobre o “excesivo” gasto en cloro, que ascendeu este verán a 2.762 euros. “Eu tamén me sorprendo do caro que é”, afirmou o rexedor, “pero só temos dúas opcións; pagar ou pechar a piscina”.

## Sobrado estrea ruta de sendeirismo homologada



Concello de Sobrado

A ruta ten tramos de gran beleza paisaxística

Os amantes do sendeirismo teñen en Sobrado unha nova ruta na que gozar; a da Carballeira. Inaugurada hai menos dun mes, o seu percorrido circular, homologado e debidamente sinalizado pasa por algúns dos lugares máis emblemáticos do municipio: a carballeira da Casa do Gado, a lagoa e o entorno do mosteiro. Ten unha lonxitude de 6,42 quilómetros e está cualificada como unha ruta de baixa dificultade técnica. Cun desnivel máximo de 155 metros, o punto máis alto polo que pasa sitúase a 555 metros e o máis baixo a 462. Completar o percorrido leva un tempo estimado de 48 minutos. Coa posta en marcha desta ruta o executivo local busca fomentar o turismo no municipio, un dos campos que ten previsto potenciar durante este mandato.

## Os concellos aprenden a captar fondos de Europa



Asistentes á xornada, que se celebrou o 5 de novembro

Alcaldes, concelleiros e técnicos dos municipios coruñeses participaron nas xornadas “Europa na provincia da Coruña”, organizadas pola Deputación co obxectivo de darlles a coñecer as oportunidades de financiamento rexional que ofrece a Unión Europea para o período 2014-2020. O deputado responsable da área de Promoción Económica, José Luis García, recordoulles aos asistentes que Europa ten reservado un orzamento de 351.800 millóns de euros para financiar políticas de cohesión social e nese sentido animou aos concellos a “elaborar proxectos de colaboración intermunicipal para acadar axudas que non se lograrían en solitario”.

## Toques organiza unha feira para exaltar os produtos típicos da zona

A idea longamente barallada polo Concello de Toques de organizar un evento co que poñer en valor os produtos propios do municipio colleu finalmente forma o pasado 7 de novembro coa celebración da I Feira de Exaltación de Produtos Típicos da Zona.

Tivo lugar na praza de Souto e contou con varios expositores nos que se amosaron produtos como mel, cogomelos, herbas aromáticas, doces e empanadas, queixos, embutidos, castañas, noces, piñóns, cestos e cestas, cabazas, viños e augardentes, millo e trigo, froitos do bosque ou verduras e hortalizas...

Segundo explica a organización, a feira tivo unha “gran afluencia de público”, que non só puido admirar os produtos senón tamén degustalos. A xornada completouse cun magosto popular para veciños e visitantes.





## Interrompidos os transbordos en Portodemouros por parada técnica

Traballa 24 horas ao día os 365 días do ano, pero agora chegoulle o momento de tomar un pequeno descanso. O Azulón Primeiro, a barcaza que comunica Santiso con Vila de Cruces atravesando as augas do encoro de Portodemouros, realiza unha parada técnica para someterse a unha inspección rutineira.

O servizo de transbordo foi interrompido o pasado día 16 e non se retomará ata o 1 de decembro; dúas semanas nas que os accesos á plataforma de embarque tamén permanecerán cortados. Durante este tempo os usuarios do ferri deberán empregar como alternativa as estradas AC-905 e PO-905, que parten de Arzúa e Vila de



O Azulón, ao fondo, foi sacado do embalse coa axuda dunha enorme grúa

Cruces respectivamente para confluiren xusto no embalse.

Os traballos de inspección están a ser realizados por AIN Active, unha empresa galega de enxeñería enerxética contratada por Gas Natural Fenosa para “realizar actuacións de recoñecemento e inspección que redundarán en maior beneficio para as persoas e nunha garantía de seguridade

para cidadáns e instalacións”. Deste xeito é como a compañía eléctrica xustifica esta parada técnica, obrigatoria por lei e que se realiza cada tres anos segundo explica Luis Martínez, un dos patróns do Azulón Primeiro. A mesma fonte indica que no tempo que os operarios levan traballando sobre o ferri non se detectou ningún tipo de anomalía.

## Debe ou non debe haber debate? Mocións con polémica en Santiso

Os puntos máis quentes e polémicos do último pleno municipal de Santiso foron os que non estaban na orde do día. En concreto, tres mocións que o PP presentou “en tempo e forma” e que o alcalde, en exercicio da súa potestade, decidiu non incorporar para o debate na sesión. Unha delas abordaba a defensa do Estado das Autonomías, outra a crise dos refuxiados sirios e unha terceira versaba sobre violencia de xénero.

A voceira dos populares, Matilde Pallares, agardou ao remate do pleno para acusar ao equipo de goberno de non querer debater sobre temas “fundamentais” e para manifestar o seu malestar ao respecto. “Debemos ser un concello que non pertence a este país e nin sequera podemos posicionarnos en contra da violencia de xénero nin pedir que haxa coordinación

cos colexios para atallala dende a base”, argumentou para engadir minutos despois que “a mellor maneira de quedar ben é non opinar de nada”.

O alcalde, Manuel Adán, xustificou a súa decisión argumentando que os temas das mocións “escapan” ás competencias de Santiso: “paréceme moi ben que queirades encher os plenos con mocións que vos envía o partido pero as solucións que podemos achegar dende aquí a certos temas son moi poucas”, dixo en resposta aos argumentos de Pallares. Nese punto intercedeu outra das concelleiras populares, M<sup>a</sup> Carmen Seijas, que pediu “un pouco de deferencia cos outros partidos” e criticou con dureza o xeito de proceder do bipartito: “isto parece unha ditadura; se as mocións non entran porque ti o digas, apaga e vámonos”.

## Recuperan o pasal de pedra centenario de Os Pereiros



Pasal dos Pereiros e pasos de madeira sobre o Furelos

A asociación de troiteiros de Melide deu por rematados os traballos para habilitar pasos e instalar pasarelas no couto do río Furelos, un labor “arduo, entusiasta e incansable” que se prolongou durante dous meses e que posibilitou a recuperación dun pasadouro centenario: o dos Pereiros, composto por pedras de tamaño xigante e afectado polas enchentes do inverno pasado. En total o colectivo de troiteiros instalou seis pasarelas cunha lonxitude comprendida entre os 4 e os 6 metros, excepto a do Chacho, sobre o río de Vilamor, que ten 9 metros. Todas elas son “completamente artesás” e foron elaboradas empregando materiais do entorno do río e madeira de castaño para as táboas dos pasos.

## Ovidio Leiva ataca “a corrupción” e a “indecencia” na súa despedida política

Cinco meses despois de abandonar a política activa o que foi alcalde de Santiso no período 2007-2011, Ovidio Leiva, saíu de novo á palestra para aclarar os motivos da súa renuncia como edil e da dimisión á fronte do grupo municipal do PP.

Fíxoo a través dun escrito público dirixido a toda a veciñanza e no que xustifica a retirada apelando repetidamente ao seu compromiso coa ética, a dignidade e a boa práctica democrática: “nunca estiven na política para gañar cartos; se fora doutra maneira faría os pactos que mellor me conviñeran como fan os gobernantes actuais, sen ter en conta os intereses dos veciños, pero a miña honestidade e a miña dignidade persoal están por enriba de todos os cartos”.

Así conclúe o documento, composto por dúas páxinas e no que Leiva fai un repaso da política municipal dos últimos oito anos amosándose espe-

cialmente belixerante contra o exalcalde Ramón Villar e contra o BNG, aos que acusa de aliarse na última campaña electoral logo de teren sido en épocas anteriores “inimigos eternos”.

### “Hai uns poucos veciños de Santiso que están cerca da política para sacar tallada”

Máis concretamente Leiva cualifica de “indecente” que o actual alcalde, Manuel Adán, “andase polas casas pedindo os votos para a súa formación acompañado por un imputado por delitos de corrupción”, en referencia a Villar Edreira. Ao fío destas acusacións engade que “se eu teño que ser alcalde cos votos da corrupción, non quero ser alcalde”.

Por outra banda Ovidio Leiva xustifica a súa marcha da política pola decepción que lle causaron algúns militantes do PP de Santiso que “fixeron campaña para o BNG”. Sobre isto, e sen mencionar nomes concretos, argumenta que “hai uns poucos veciños do concello que non teñen o máis mínimo interese polos problemas dos cidadáns pero están cerca da política para sacar tallada”.

Preguntado polo contido de dito escrito, Manuel Adán asegura que non comparte moitas das afirmacións de Leiva e engade que “a etapa de Ovidio como alcalde tampouco foi moi hixiénica e se cadra habería moito do que falar”. Sobre as alusións a Villar Edreira manifesta que “eu non miro de onde veñen os votos; se di que fixo campaña para o BNG e para o PSOE porque non era do seu gusto o que había no PP, está no seu dereito igual ca calquera veciño”.



## FOTO-DENUNCIA

### Mal-quesiñas



A carón da estrada que comunica Melide con Visantoña hai tres marquesiñas coma esta. As tres son do mesmo modelo e as tres presentan o mesmo estado: abandonadas e ape-

dradas. Que tentador é o cristal para os amantes do incivismo! Debemos facernos unha pregunta: por que nunca tratamos o que é de todos como se fora o noso propio?

## A Feira de Agasallos muda de nome e colle dimensión



A Feira de Agasallos locais para o Nadal, que se celebrou ata agora co obxectivo de promocionar os produtos tradicionais da comarca, será este ano Manxares, a Feira Agroalimentaria de Galicia. O Concello de Melide e o Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla-Tambre-Mandeo (GDR UTM), entidades organizadoras do evento, decidiron darlle unha maior dimensión e un enfoque galego. Deste xeito, contarase coa participación de todos os GDR de Galicia e darase cabida a máis expositores, o que tamén implicará maior variedade de produtos. A feira cambia tamén de localización e abandonará o Cantón de San Roque para celebrarse os días 12 e 13 de decembro no Pazo de Congressos.

## Financiamento para os servizos sociais básicos dos concellos

A Deputación da Coruña porá en marcha en 2016 un programa para financiar os servizos sociais dos 83 concellos da provincia con menos de 20.000 habitantes. Subvencionará os gastos dos técnicos de servizos sociais, auxiliares administrativos e persoal auxiliar do servizo de axuda no fogar. Na comarca Melide recibirá 52.994 €, Sobrado e Toques 31.572 € cada un e Santiso 24.066 €. No seu conxunto o programa da Deputación está dotado con algo máis de 4 millóns. Os Concellos deberán de adherirse a este plan. Teñen de prazo para facelo ata o 18 de decembro.



ILUSTRE COLEGIO DE ODONTÓLOGOS  
Y ESTOMATÓLOGOS DE A CORUÑA



Ana Marcos Cardo

Odontóloga

Ronda da Coruña, 31 - 1ºB  
15800 - MELIDE (A Coruña)  
Tlf.: 981 50 57 05



HOTEL BALNEARIO  
RIO PAMBRE ★★

Tlf: 982 153 232 / 679 035 713



IMPRENTA

**meligraf**

Tfno./fax: 981 50 62 56  
Rúa Galicia, 26 - 15800 MELIDE  
(A Coruña)  
e-mail: meligraf@empresagalega.eu



## Madurez e recoñecemento público: o momento máis doce dos Melidaos



A Semana da Música trouxo Os Melidaos de volta á casa. Reencontráronse cos seus veciños e compartiron con eles un anaco do momento doce que vive a agrupación, cunha axenda repleta de concertos e o aplauso unánime do público galego.

Foi tan só unha pequena parada para coller folgos e retomar con forza a fileira de actuacións que encadean dende que o pasado mes de maio presentaran o seu terceiro disco, *Festa na Codeseira*. Non hai romaría, festival nin foliada que non queira ter no seu cartel aos gaiteiros que cantan. Baiona, Monterroso, Vedra, Rianxo, Rábade, Oleiros ou Cangas son só algúns dos lugares que reclamaron a presenza dos Melidaos, consolidados xa por outra banda como un

referente da música tradicional en Galicia.

O éxito é máis ca evidente pero Os Melidaos prefiren chamarlle “recoñecemento”, un recoñecemento por partida dobre: ao traballo realizado durante os últimos anos e ao seu xeito de facer e de concibir a música: “con moito respecto, con moito cariño e sabendo que detrás dela hai unha cultura e un pobo”, explica Antonio Raposo, un dos sete compoñentes da agrupación. Ao seu parecer o éxito está “en non inventar nada” e en seren “honrados e respectuosos” coa música tradicional.

### A evolución da foto fixa

Para os Melidaos o seu labor musical é “unha foto fixa dun momento determinado”, unha

imaxe sonora para recuperar dentro de trinta anos e lembrar “como faciamos as cousas”. O que semella unha concepción estática da música non se pelexa coa evolución da agrupación, que a houbo, e moi notoria. Di Antonio Raposo que Os Melidaos “foron movéndose moito para non cambiar nada”. Significa esta aparente contradición que os cambios chegaron dentro dese “marco de respecto” pola música tradicional e conservando a súa esencia de gaiteiros.

Un dos cambios máis relevantes foi a incorporación “dun novo instrumento” no ano 2012, a voz, o que lles conferiu un selo diferenciador propio e lles valeu para autodenominarse “os gaiteiros que cantan”. Máis recentemente a

### PILAR RAMALLAL, A GAITEIRA DA MARIÑA

Este verán un novo rostro asomou nas actuacións d’Os Melidaos; o de Pilar Ramallal, gaiteira de raza e última incorporación do grupo. A estrea foi o 18 de xullo sobre o escenario de Luintra. Pero máis ca un bautizo, o que alí houbo foi, como din os propios membros da agrupación, “un casamento”. Pilar Ramallal era xa unha máis.

Non pasou moito tempo dende aquela pero a adaptación foi, como ela mesma asegura, “moi rápida”. Quizais niso teña que ver a admiración que xa lle profesaba aos Melidaos “por como transmitían e polo seu respecto polas pezas”. Que un grupo “de referencia” se interesase por ela como gaiteira foi a un tempo “unha sorpresa” e unha oferta que, di, non puido rexeitar.



A partir dese momento comezou a coñecer a outra cara d’Os Melidaos, a da “calidade humana excepcional” que a fai sentir “cómoda” na agrupación e gozar dunha parte importante da súa vida: a gaita, a mesma que a acompaña dende os seis anos e a que tocou en agrupacións como Os Estalotes ou o coro Cántigas da Terra, do que forma parte.

incorporación da gaiteira Pilar Ramallal marcou outro punto de inflexión.

Todo cambio implica madurez e agora que percorren Galicia coa súa música, Os Melidaos aínda recordan cando hai menos de cinco anos tiveron “un intenso debate sobre se seríamos capaces

de facer unha actuación nun escenario”. Foron capaces. O concerto, en Sada, durou dúas horas. Aquela actuación de 2010 marcou un antes e un despois e está entre as recordadas con máis cariño pola agrupación. Pero o camiño segue e o mellor concerto, din, “aínda está por vir”.



**A TÚA TENDA  
DE INFORMÁTICA  
EN MELIDE**

Rúa Otero Pedrayo, nº 6 - Baixo // Tlf.: 981 50 78 81  
melimatica@melimatica.com

**intres**  
FOTOGRAFÍA

*“Se sabes agardar, a xente esquecerase da túa cámara e entón a súa alma sairá á luz”*  
Steve McCurry

Tlf: 658 663 898 / 881 974 224  
Avenida de Toques, 2





PVP recomendado. Hasta el 31/10/2015 por la compra de unas gafas graduadas (montura mó + lentes) por 77€ con lentes graduadas monofocales antirreflejantes Beslayt 1.5 AR. cilindro + 2. esfera + 2 a -4. llévate unas segundas gafas gratis mó con la misma graduación y lentes Beslayt 1.5 AR. Válido para una selección de monturas mó señaladas en el establecimiento que lo publicite. No acumulable a otras ofertas o promociones.

**2<sup>as</sup>  
gafas  
GRATIS**

al comprar tus mó  
**graduadas**  
con antirreflejante

**77€**

**Ronda de A Coruña, 20  
15800 Melide  
A Coruña**

[www.multiopticas.com](http://www.multiopticas.com)

**MULTIÓPTICAS**  
Tabora



Tiveron que pasar máis de 16 anos para que o melidao José Rodríguez Valiño (Ayala) recibise a medalla de **EMBAIXADOR DO CAMIÑO DE SANTIAGO**, que lle entregou recentemente Ramón Pérez, fundador da **EMBAIXADA DO PEREGRINO** e creador desta figura tanto de feito como de pleno dereito.

A carón do cruceiro máis antigo de Galicia, este gran peregrino (que completou o Camiño dende Roncesvalles no ano 1999 cunha media de 40 km diarios) comprometeuse a través dun apretón de mans a apoiar e protexer a Ruta Xacobeá, divulgando os seus valores.

## CADA PEREGRINO, UN EMBAIXADOR DO CAMIÑO

Tratando de ir en consonancia coas novas tecnoloxías e de cara ao Xubileo da Misericordia 2015/2016, Ramón Pérez ultimou a que será a primeira **ACREDITACIÓN DIXITAL DO CAMIÑO** totalmente personalizada. Achegáraselle ao móbil de cada peregrino interesado a través de WhatsApp, Bluetooth, Facebook, E-mail, etc... Inclúe os seus datos, fotografía e cal é o camiño que está a facer. Realizarase en varios idiomas.

José Rodríguez Valiño, gran peregrino melidao, será o primeiro que dispoña desta acreditación dixital, que ademais de se visualizar no móbil tamén se pode imprimir en tamaño póster de máis de medio metro de ancho.



# Cafetería MARTA

Cantón de San Roque, 13 - MELIDE

Anúnciate no  
**Cerne**  
981 50 61 88

*Silvela* **JOYERÍA**  
José Manuel Silvela Costoya

Tfno.: 981 50 59 97  
Rda. de La Coruña, 40 bajo

15800 MELIDE  
(A Coruña)



A Semana da Música da Terra de Melide, que acaba de clausurar recentemente a súa 26ª edición, é moito máis ca un evento musical. Ten tamén na súa natureza unha importante compoñente pedagóxica e cada ano, ao homenaxear a unha persoa ou agrupación, permítenos ir coñecendo aos poucos a historia musical máis próxima ao tempo que nos dá as claves para entender o porqué da boa saúde cultural da comarca.

Unha desas claves está na Agrupación Castelo, unha formación que cultivou durante 17 anos todas as ramas do folclore propio e á que a Coral Polifónica de Melide, como organizadora da Semana da Música, lle quixo render tributo nesta edición. A súa existencia foi transcendental, xa que no Castelo se formaron e colleron apego pola cultura tradicional dúcias de mozos e mozas, daquela cativos, que a día de hoxe levan as rendas da cultura na comarca. Mais falar do Castelo é falar tamén da Asociación de Amas de Casa e para elas houbo un recoñecemento especial por seren as impulsoras e o soporte da agrupación nos seus primeiros anos de vida.

#### Dinamizadoras culturais

Pasado o tempo, no local que as amas de casa empregan para reunírense e realizar algunhas actividades aínda se conservan moitos dos traxes que os membros do Castelo vestían para acudir a festivais e actuacións. Son o recordo máis palpable dunha época que comezou, exactamente, o 11 de maio de 1992, data na que a agrupación deu o primeiro paso. Foi pouco despois de que un grupo de mulleres da vila decidiran constituírse en asociación. De feito, as clases de música e baile foron as primeiras actividades que organizaron, tal e como explica Clara Gómez, unha das impulsoras da agrupación e aínda a día de hoxe membro da xunta directiva das amas de casa.

O papel que desenvolveu este colectivo de mulleres na década dos 90 é de ter en consideración, pois supuxo todo un revulsivo nunha época na que non era habitual que as administracións locais tivesen unha oferta estable de actividades: “daquela os concellos

## Agrupación Castelo, a semente da cultura tradicional

A formación, pola que pasaron centos de cativos ao longo dos seus 17 anos de vida, é homenaxeada na Semana da Música



Integrantes da Agrupación Castelo nunha das súas últimas fotografías



A directiva da Coral Polifónica de Melide na xornada de clausura da XXVI Semana da Música

non facían nada”, explica Clara Gómez, “de música e baile había Froito Novo e nada máis. Nós tamén fixemos grupos de ballet, de pintura, de costura, de traballos manuais e de moitas cousas”. A acollida destas actividades foi moi boa, especialmente no caso do Castelo, que nos seus mellores tempos chegou a ter preto de 200 membros: “non recordo o

número exacto pero por el pasaron moitas, moitas, moitas persoas”, insiste Clara, quen asegura que para o colectivo do que forma parte é “un orgullo” que o labor que elas comezaron teña hoxe continuidade aínda que sexa á marxe da asociación.

#### Extenso currículo

En maio de 1993, un ano des-

pois de ser creada, a Agrupación Castelo fai a súa presentación en público; foi na Festa do Melindre, que aínda estaba en cueiros e celebraba a súa terceira edición. Ese mesmo ano o Castelo actuou tamén na Romaría Internacional e iniciou así un prolífico camiño que había levar aos seus compoñentes a numerosos cursos, certames e festivais de

Galicia, España e mesmo varios países europeos. “Outra cousa poida que non, pero viaxar viaxamos moitísimo”, recorda Clara Gómez pensando no Festival Internacional de Rennes (Francia) ou no da música celta de Lorient, nas actuacións en Collechio e Langhirano (Italia) ou na xira francesa que no ano 2003 os levou ás localidades de Montcuq ou Châtel Guyon...

Tamén foron destacadas as actuacións na televisión: participaron en dúas ocasións na programación especial da TVG con motivo do Xacobeo e no ano 1998 o grupo de baile quedou finalista nun concurso organizado polo programa Luar.

#### O fin dunha etapa

As actuacións do Castelo no San Roque, na Semana da Música ou na Feira de Mostras do Centro de Galicia, entre outras, convertéronse nun clásico ata que a agrupación se disolveu no ano 2009. “Os rapaces foron medrando e querían outras cousas”, di Clara Gómez, quen considera que a disolución do grupo foi, simplemente “un ciclo que se acabou, o fin dunha etapa”.

Da Agrupación Castelo quedan os recordos, que van máis alá dos traxes colgados en perchas, queda a herdanza que deixou a súa traxectoria e queda sobre todo o importante papel que xogou como o espazo no que moitas nenas e nenos da comarca entraron por primeira vez en contacto coa música tradicional e aprenderon a respectala.

A raíz da homenaxe que se lle brindou este ano no marco da Semana da Música, algúns deses cativos reflexionaban nas redes sociais e dende a perspectiva adulta sobre a transcendencia que tivo para eles o seu paso pola agrupación: “O Castelo xa forma parte da historia musical deste pobo, pero moitos estaremos eternamente agraecidos por todo o que significou nas nosas vidas”.

Co recordo á Agrupación Castelo púxose punto e final a unha Semana da Música pola que pasaron 18 agrupacións e cantantes ao longo de seis días nos que, un tras outro, o público fixo que o aforo da Casa da Cultura quedase pequeno. Hai música e cariño por ela na Terra de Melide.



Fotos: Turismo Melide

S  
E  
M



Gaiteiros do Balado



Coro Parroquial de Melide



Os Melidaos

A  
N  
A



Irene Ruiz Carmuega



Pandereteiras de A Maristela



Iria Taboada e Patricia Méndez

D



Xoan Curros Vázquez



Patricia Méndez



Agrupación A Maristela

A



Agrupación Pozo Pequeno



Coral Polifónica de Santiso



Froito Novo

M

Ú

S

I

C

A



Acordeóns de Herba Grileira



Fátima Lea



Agrupación Leirabuxo



Herba Grileira



Coral Polifónica de Melide



Coral Polifónica e Herba Grileira



## UNHA FAMILIA NO MÁIS ALTO DO PODIO

Xa parecía que tiña cuberta a cota de sorpresas pero Escuela Ayude segue proporcionando recórdos. O último, ademais de meritorio, resulta curioso: por primeira vez nuns campionatos de España tres membros da mesma familia conseguiron subir ao podio. Sucedeu este mes en Madrid, onde se disputou o Campionato de España Open Xuvenil e Veteranos na disciplina de Kick Boxing. Alí Aron Ayude fíxose co ouro na súa categoría, Nahum Ayude conseguiu a prata e Jose Ayude proclamouse campión dos veteranos. Por outra banda, Cora Ayude tamén aporta outro record ao ser a primeira galega que represente a España no Campionato do Mundo, que se celebrará en Dublín a finais de mes.



Jose, Nahum e Aron Ayude



Cora Ayude

## O VOLUNTARIADO EUROPEO RECALA EN MELIDE

Melide foi a vila escollida este ano para celebrar o Evento Anual do Servizo de Voluntariado Europeo. Máis de 100 mozos e mozas procedentes de toda España desprazáronse ata Furelos para percorrer unha parte do Camiño e logo realizar unha exhibición na Praza do Convento. Na xuntanza participou o Conselleiro de Política Social, J. Manuel Rey.



## EXPOSICIÓN DE XOSÉ MANUEL QUIÑOY

A Casa da Cultura acolle ata o día 10 de decembro unha exposición do artista melidense Xosé Manuel Quiño. A mostra, que se pode visitar entre as 17:00 e as 21:00 horas, inclúe lenzos, bocetos e debuxos dixitalizados. Vitor Mejuto, Luis Davila, a Asociación Enfócame ou o alumnado de pintura das Escolas Deportivas foron outros dos artistas que expuxeron na vila este ano.



## NOVO PUB EN MELIDE

# INFINITY

*Proximamente....*

## GRAN INAUGURACIÓN

*Con gogós, regalos e moitas sorpresas!!*





## O cangrexo de río (II)

Xavier Pazo  
Asociación de troiteiros "Río Furelos"

Nesta segunda entrega sobre o cangrexo de río comezaremos explicando como, facendo acopio de todas as súas forzas, o crustáceo intenta formar unha nova envoltura. Para iso emprega a materia prima que lle subministran as reservas de carbonato cálcico que foi acumulando durante todo o ano: no estómago fórmanse uns pequenos botóns chamados gastrolitos que se disolven e pasan do intestino á epiderme a través do rego sanguíneo, formando no exterior as sucesivas capas da nova cuncha.

A complexidade do seu crecemento fai que incluso poida perder as súas extremidades. Aínda así, durante o primeiro ano de vida consegue triplicar o seu tamaño: pasan de medir 7 milímetros e pesar 0,15 gramos ao nacer, a conseguir 20 milímetros e 1,5 gramos de peso. Vive uns 20 anos e pode chegar incluso a 30, dependendo de se as augas son ricas en sales disoltas.

É un cazador pouco esixente, moi pouco dotado para a caza polo seu lento camiñar e pequeno tamaño, pero capacitado para comer practicamente todo o que encontre, tanto de orixe animal como

vexetal. Nos nosos regatos e ríos limpos, o cangrexo atopa en abundancia a microfauna que precisa: miñocas de terra, pulgas da auga, caracois, insectos e larvas son un prato rico de proteínas. Os vertebrados acuáticos, peixes, anfibios e cóbregas, pola súa mobilidade e tamaño, son presas moi difíciles de cazar para o cangrexo. A freza dos peixes e os ovos dos anfibios representan unha gran fonte de alimento. Tamén comen raíces e plantas acuáticas e incluso os cadáveres doutros animais que o río arrastra. Este papel de carroñeiro fai que o cangrexo de río elimine posibles focos de enfermidades, polo que ten un importante papel ecolóxico.

No inicio do inverno fai coma os osos; co estómago cheo retírase para a súa cova chea de alimentos e descansa ata a chegada da primavera. Chega a comer nun día o equivalente ao seu propio peso en moitas ocasións.

Para o cangrexo de río calquera tempo pasado foi mellor. O ser humano, a alteración de hábitats, os vertidos, as enfermidades, os grandes encoros, os lagos artificiais e pesca ilegal fan que estea desaparecendo.

## Rebaixas preventivas

Marcus Fernández, webmaster de Código Cero



As rebaixas eran tradicionalmente promocións nas que se vendían a prezo rebaxado os artigos remanentes da tempada, destacando especialmente no sector téxtil, e que normalmente estaban ligadas a datas moi concretas (7 de xaneiro e 1 de xullo), pero este concepto xa non ten ningunha validez actualmente, cando a complicada conxuntura económica, o pulo da tecnoloxía e a globalización dos mercados fai que sexa preciso estar nun estado de difícil acougo, no que as promocións sucédense unha tras outra, dando a impresión de que estamos nun bucle de rebaixas sen sentido xa que, ¿como é posible que

antes do Nadal poidamos ver rebaixas de produtos de inverno cando aínda non chegamos a tal estación?

De feito, este ano está a ser rechamante o feito de que meteoroloxicamente non experimentásemos o que é o outono, o que de seguro que está a causar serios problemas no sector téxtil, pero os hábitos de consumo ligados ao calendarios aféctannos a todos, xa que temos moi interiorizados conceptos como o verán, o Nadal, a costa de xaneiro, as pontes festivas... e coa globalización provocada polo comercio electrónico tamén comezamos a ter moi en conta cousas como o Día

dos Solteiros (día de promocións na China que se celebra o 11 de novembro e no que o xigante Alibaba facturou máis de 14 mil millóns de dólares) e o Venres Negro (o último venres de novembro, que supón o inicio da campaña de Nadal nos EE.UU., o que leva a que lancen ofertas para instar a anticipar compras).

A ninguén se lle escapa que o feito de que en novembro teñamos varias grandes rebaixas

a nivel internacional, con réplicas locais, afecta aos nosos hábitos e expectativas, de xeito que á hora planificar certas compras temos que loitar entre a compulsión que provocan os aparentes descontos e a prudencia á que nos leva saber que xa non hai que agardar a xaneiro para ter bos prezos (evitando, de paso, o risco de ter que conformarnos cos restos). Témonos que preparar para varias semanas nas que o comercio electrónico terá moita forza, a competencia será máis forte que nunca e unha vez máis porase a proba a loxística para poder entregar os produtos antes da datas chave.

## As causas perdidas

Vanessa Martínez, xornalista

Seica o anuncio deste ano da lotería de Nadal non trae calvos, nin artistas de renome, nin xogos acrobáticos de burbullas. Disque é unha metáfora da bondade humana contada por boca duns debuxos que cobran vida dende un ordenador.

Non deixa de ser curioso que para escoller contar unha historia tan emotiva (que non inclúe nin diálogo), se prefira a emotividade dun ordenador antes ca os xestos humanos e os matices das miradas. Se cadra é unha mensaxe de modernidade e de sociedade avanzada, que ten capacidade para crear audiovisual hiperrrealista..., mentres a carón

os vellos soportes, coma a prensa de papel, creada por, para e sobre as persoas, se atopan contra as cordas con serios problemas de subsistencia. Todo é compatible, pero na realidade a compatibilidade é pequena.

Está ben visto, e é moderno investir en avances materiais: máquinas con ordenadores potentísimos, softwares ata con acento na fala, teléfonos que o último que son é teléfonos, pero non está de moda investir en comunicación humana: fomentar as relacións entre as persoas, manter o que nos fai distintos de calquera máquina, e alimentalo aínda cando non sexa "rendible".

Se cadra a clave está na tendencia a priorizar as cousas que nos dan algo a cambio, sempre que ese "algo" sexan cartos. Así hai a quen lle parece que "pouco a cambio" dá un museo como o da Terra de Melide, que está aí nada máis ca para ser mirado e paseado, sen xerar caixa, e para o que cada céntimo de investimento é buscado co esforzo de quen o saca dunha mina. "Pouco a cambio" dá un xornal coma este, que está para que a xente lea, pero que non



xera ganancias das que se miden en números. As outras (o valor da información, da conexión como territorio, do idioma, e da pertenza a comunidade que dá un xornal coma o Cerne) nunca cotizarán

en bolsa.

Decía o poeta Rilke que a infancia é a patria do home. E así tamén, a patria do noso desenvolvemento debería ser a orixe, e a capacidade de nunca perdela.



MARTA GARCÍA SALGADO, ACADEMIA “O PEQUENO BESBELLO”

## “Non todo consiste en sacar boas notas, con constancia pódese chegar moi lonxe”

Pensar nunha academia de ensino como a consecuencia inevitable do fracaso escolar é un erro, sobre todo se é concibida como un medio para progresar, mellorar ou buscar a excelencia. Así é como ve Marta García Salgado *O pequeno besbello*, un centro que abriu hai algo máis de tres

anos no casco vello melidense e que aposta pola atención individualizada e pola constancia como ferramentas clave para optimizar o rendemento académico. Un amplo abano de linguas e materias básicas da ESO, bacharelato e ciclos formativos son algunhas das ensinanzas que oferta.

**- Cales son os motivos polos que a xente decide acudir a unha academia?**

**-Marta García (M.G.):** Cada vez hai máis alumnado que vén buscando a excelencia; aprender algo a maiores do que lle dan na aula ou formarse nun idioma diferente aos que se ofertan no instituto ou no colexio. Tamén hai xente que sigue chegando porque fracasa nalgunha materia, pero estanse igualando as tendencias.

**- Que áreas de ensino cobren no Pequeno Besbello?**


**-M.G.:** Abarcamos todas as materias que se poden abarcar, dende as básicas que se dan en primaria e na ESO ata algunha puntual da universidade, incluso FP superior, probas de acceso a ciclos e preparación de selectividade. Por outra banda temos a rama de idiomas: inglés, que é o máis demandado, francés, italiano, portugués, galego e alemán.

**- Cales son as materias que teñen máis demanda?**

**-M.G.:** Agora hai un auxe das clases de lectura e comprensión. Despois do boom das ciencias de hai uns anos, volve haber unha revalorización das letras, e empeza dende abaixo. Cada vez máis solicitánnos clases de lectura para nenos e nenas de 6 ou 7 anos, para enganchalos a ler. Volvemos á base e fai moita falta. Moitas veces o fracaso escolar radica en que falla a comprensión lectora. Aquí temos detectado que o gran inimigo da física, das matemáticas ou da química non é o desenvolvemento do problema, senón a comprensión dos enunciados.

**- Como é o desenvolvemento das clases?**

**-M.G.:** Temos grupos moi re-



Recreación dunha xornada de estudo nas aulas de O Pequeno Besbello

ducidos. Intentamos que sexan 4 alumnos por clase como máximo. En época de exames pode subir a 5 ou a 6, pero non máis, porque buscamos coñecernos todos e dar unha atención individualizada para ir xusto á dúbida ou ao problema que teña o alumno. Ao final convertémonos todos nunha pequena pandilla de amigos. Cando comecei pensei que ía ser todo máis frío pero resultou ser o contrario; os rapaces veñen aínda que non teñan clase para comentar calquera cousa que lles pasa, os pais tamén. Iso é moi bonito. Somos parte da vida do alumnado.

**- Pagan as academias os pratos rotos do sistema educativo?**

**-M.G.:** É un problema co que loitamos aquí todos os días. Percibimos que hai un desá-

nimo xeral e unha falta de motivación absoluta, tanto do que saca ceros como do que saca 10. Creo que iso é debido ao sistema actual. Os profesores tamén están sobrepasados; teñen clases moi grandes, con moitas problemáticas, e resúltalles difícil saber ata que punto un rapaz está afectado. A nós énos máis doado chegar a el, porque sempre se acaban abrindo: sabemos o que lle pasa, por que un día tivo mal comportamento, por que non quere seguir estudando...

**- Considera axeitado o xeito en que se avalía a progresión do alumnado?**

**-M.G.:** Se puxeramos nós as notas, serían distintas. Nós temos aulas moi pequenas, non son como as do bacharelato, con 20 alumnos, e sabemos o que se esforza cada alumno e

ata onde pode chegar. Non todos temos as mesmas capacidades, que é algo do que se esquece o sistema educativo actual, onde se valora do 1 ao 10 sexa cal sexa a túa evolución. Non todo consiste en sacar unha boa nota. Na maioría dos casos con constancia e evolución chégase máis lonxe.

**- Que cre que habería que cambiar no actual sistema de ensino?**

**-M.G.:** habería que mirar o tempos de vacacións, os ratios de alumnos por aula, os temarios... habería que intentar atender a cada neno en particular e deixar de buscar a xeneralidade: que todos estuden o mesmo, que todos saian igual, que todos teñan o mesmo nivel... este sistema non funciona, entón haberá que buscar outro. Non podemos seguir an-

“Buscamos dar unha atención individualizada para ir xusto ao problema que teña o alumno”

“O gran inimigo da física, das matemáticas ou da química está na comprensión lectora”

corados no pasado, no mesmo que tiñamos hai 30 anos. Non só é unha cuestión de recursos, senón máis ben de modelo educativo.

**- Deberes si ou deberes non? Que opina sobre debate sempre presente?**

**-M.G.:** Non é tanto un problema dos deberes como da cantidade e da organización. Máis alá de unha ou dúas horas de exercicios é excesivo. Os profesores deberíanse turnar para que os nenos non traian deberes de todas as materias todos os días. En xeral esquecémonos de que tamén teñen que xogar e moverse.

**O Pequeno Besbello**

**Tlf: 981 505 252  
R/ San Antón, 5**



## Que servizos ofrece Asetem?

- **Asesoría xurídica, fiscal e laboral**

Resolve gratuitamente todas as túas dúbidas de man dos profesionais cualificados da Confederación de Empresarios da Coruña, da Federación Galega de Comercio e da Federación de Autónomos de Galicia, organismos nos que estamos integrados.

- **Información e tramitación de axudas**

Achegamos de forma puntual información sobre todas as subvencións e liñas de axuda ofertadas dende os diferentes organismos. Se o precisas, tramitámosche as solicitudes de xeito gratuito. Tamén informamos sobre os cambios legislativos de relevancia.

- **Organismo acreditado**

Asetem é un organismo acreditado para a realización de cursos oficiais de manipulador de alimentos, bienestar animal e transporte de animais vivos. Estamos habilitados para intervir como árbitros ante calquera conflito que se dirima no Instituto Galego de Consumo.

- **Un espazo de comunicación**

A asociación de empresarios é a responsable do Xornal Cerne, publicado mensualmente dende 2004 como unha ferramenta de difusión da actividade comercial e de información plural para a veciñanza. Na nosa páxina web tes outra canle de comunicación e tamén un espazo para o teu negocio.

- **Convenios con garantías**

Accede a vantaxes na contratación de servizos para o teu negocio grazas aos convenios que asinamos con entidades como Banco Sabadell, La Caixa, Efa Piñeiral, Seguridade A-1, Radio Melide ou R.

- **Oferta formativa**

En Asetem organizamos cursos formativos pensando nas necesidades dos nosos asociados: Escaparatismo, técnicas de venda, prevención de riscos laborais, oratoria, habilidades directivas, primeiros auxilios, redes sociais e internet...

- **Feiras, eventos e campañas**

Poñemos en marcha numerosas iniciativas ao longo do ano co obxectivo de dinamizar o tecido produtivo local e crear vida na comarca: Este Nadal toca en Melide, Bono Asetem, Unha voltaña por Melide, concurso de tapas de primavera e outono, En Melide todo o día, Salón da Voda, Mercamelide, Feira de maquinaria agrícola...

- **Cesión gratuita do local**

As instalacións de Asetem están a disposición das empresas asociadas sempre que o necesiten.

- **Bolsa de traballo**

Axudámosche a atopar o empregado que necesitas.



## Aínda non lle ves as vantaxes?

# Asóciate!!